8 ½

[Federico Fellini, 1963, 138']

Idioma **Italiano** Guión **Tulio Pinelli, Federico Fellini, Ennio Flaiano, Brunello Rondi**
Fotografía **Gianni di Venanzo** Montaxe **Leo Cattozzo** Música **Nino Rota**
Produción **Angelo Rizzoli** Distribución **A Contracorriente**
Reparto **Marcelo Mastroianni, Anouk Aimée, Sandra Milo, Claudia Cardinale**

Guido Anselmi (Marcello Mastroianni), alter-ego do propio Fellini, é director de cinema e atravesa unha profunda crise creativa. Mentres procura as desexadas fontes de inspiración, vaise sumir progresivamente nos seus recordos, soños, pantasmas e alucinacións. No balneario en que prepara o seu filme, muller, amantes, actrices, produtor, crítica, todos tratan de influír en Guido, que decide traballar con base nestas vivencias: unha xuntanza de presente, pasado e fantasías. Cinema dentro do cinema.

PROGRAMACIÓN MARZO:

MARTES 3.3.2020 ás 20:30 h
FORZA MAIOR (RUBEN ÖSTLUND, 2014, SUECIA)

MARTES 10.3.2020 ás 20:30 h
RETRATO DA MOZA EN CHAMAS (CÉLINE SCIAMMA, 2019, FRANCIA)

MARTES 17.3.2020 ás 20:30 h
FOURTEEN (DAN SALLIT, 2019, EE UU)

MARTES 24.3.2020 ás 20:30 h
SYNONYMES (NADAV LAPID, 2019, FRANCIA)

MARTES 31.3.2020 ÁS 20:30 h
A CINSA É O BRANCO MÁIS PURO (JIA ZHANGKE, 2018, CHINA)

AVISO: En breve asinaremos o convenio de colaboración coa AGADIC que nos permitirá traer un ano máis os LUNS DE FILMOTECA, en colaboración co CGAI-FILMOTECA DE GALICIA. A previsión é que comecen en marzo ou abril, manterémosvos informadas.

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#119
18.2.2020

8 ½

FEDERICO FELLINI

CINECLUBE PONTEVEDRA

OUTUBRO DE 1961

«Comézoa dentro de pouco, se cadra en decembro», telefonoume Fellini dende Roma, naturalmente mentindo. «Tes que estar libre», recomendoume, «para asistir á primeira volta de manivela», e comprendín perfectamente que para esa época podería contraer todos os compromisos que quixera. Mais deuse a casualidade de que fun a Roma e atopeino acabado de chegar de Londres, onde fora para tratar de poñerse en contacto con Laurence Olivier.

Olivier fixéralle saber que lle compracería extraordinariamente intervir no filme de Fellini; mais por unha serie de equívocos e combinacións desafortunadas non se puideran ver, e Fellini regresara a Italia sen se molestar en pedirlle outra cita.

«Aínda estou no aire», dicíame naquelas longas charlas que transcorrían lentas pola via Appia e á beira do mar. «Aínda non consigo configurar ben o filme; se viaxo é porque agardo que mentres tanto o asunto se vaia aclarando e que este núcleo, que segue estando só en estado emocional, nun momento dado se traduza en situacións, en relato. A historia non debe ter tempo real, desenvólvese nunha especie de dimensión flutuante, mais polo de agora só flutua, flutúa de máis.»

Unha pausa extasiada para admirar unha sombra estraña, dúas árbores abrazadas baixo a lúa, e logo:

«Xa sabes un pouco a historia, mais cambieina moito (non lle contes nada a ninguén; ademais, para que propagar néboas? E pobre de ti se logo o vas contando por aí, cando xa teña consistencia). É a historia daquel individuo que está nas termas, un tempo detido da vida dun home calquera, cos correspondentes encontros, imaxinacións, afluencia de recordos; é, no fondo, un pretexto para meter dentro todo o que me atormenta dende hai anos. Mais por agora renuncio a darlle a carta de identidade a este home, que profesión terá?, que lle fago ser? A verdade é que iso non importa moito, mais os recordos han ter que ver con algo. Pensei en que fose guionista, mais esa resolución non me convencía nin a min nin aos demais, co birrias que son os exemplos en quen nos inspirar (con excepción, naturalmente, dos autores do guión de *Otto e mezzo*). Do que si estou certo até agora é de que non quero rodar nada de veras, quero facelo reconstruír todo, así, mentres reconstrúen, eu vou navegando e teño unha xustificación para a miña preguiza. O filme ha ser completamente fiel ás visións da imaxinación. A escenografía require unha extraordinaria exactitude de reconstrución, non unha precisión escrupulosa, unha interpretación algo pedante dun estilo e unha época entendida modernamente. Debe ser exacta en canto evocadora nun sentido profundo. Non será un filme psicolóxico, non ten cadencias narrativas, pero en cambio agardo que terá o fulgor esencial, descarnado, mais infinitamente rico de interpretación, dos soños. E non porque o filme sexa soñado, é mesmo o máis real de todos os que fixen, o máis real neste sentido, teño a sensación de que o bo que vai ter é a fidelidade máis rigorosa á visión que tiven; desculpa se non paro de falar, teño a necesidade...».

E ao pouco:

«Atopáchesme nubrado coma de costume, verdade? Decátome, en efecto, de que todo o que che dixen fai que a película pareza cursi e desproporcionada, en cambio agardo que sexa todo o contrario. Delirio, frenesí, se cadra si, frenesí persoal. Unha cousa é segura: é un caos, caos ordenado, mais caos. E agora unha confesión: se fose máis novo e máis razoable na administración de min mesmo, podería non facela e pasar a outra, mais!, malia este pulo estou moi encariñado con ela, estou seguro de que mesmo se me nota. Así, con este filme rematarei con todo o que é autobiografía, recordos; podes rir do que vou dicir: será unha especie de chama purificadora. E agora que falo dela con máis tranquilidade, decátome de que estou nun estado de prealarma, e isto é algo extraordinariamente estimulante».

DECEMBRO DE 1961

«Mastroianni será o protagonista do misterioso filme de Fellini», dicían os xornais a finais do 61. «Si, é a fatalidade», era a resposta de Fellini. «Eu ía detrás de Laurence Olivier, pensaba tamén noutros, e cada vez que atopaba a Marcelo mirábame sorrinte, con esa cara súa de paisano testán, coma dicíndome: "Busca, busca, que eu ben sei que acabarás por escollerme a min"».

Cando fala de Mastroianni, Fellini ten inflexións irónicas e afectuosas ao tempo. «Escollino por preguiza e por simpatía. Ía detrás de Olivier, mais no fondo temíalle, con aquela boca súa, cruel. Marcelo, en cambio, é o único co que podo permitirme aínda certos xogos fantásticos, certas fantasías de pipiolos; a nosa é unha amizade de estudantes de bacharelato, mais tinguida dun respecto recíproco». Soa o teléfono e a cara de Fellini rexuvenece de alegría, mentres na gorxa abrochan algunhas risiñas afectuosas en cadea, que conclúen cun xentil improperio. É precisamente Mastroianni quen chama. «Federico, estou vibrando», acaba de dicirlle.

CERNA, CAMILLA (1963). *8 ½ de Fellini*. Barcelona: Seix Barral.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.